

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4606** *Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

##### I

A finalidade de elaborar unha lei constitutiva do estatuto xurídico da vítima do delito é ofrecer desde os poderes públicos unha resposta o máis ampla posible, non só xurídica senón tamén social, ás vítimas, non só reparadora do dano no marco dun proceso penal, senón tamén minimizadora doutros efectos traumáticos no moral que a súa condición pode xerar, todo iso con independencia da súa situación procesual.

Por iso, este estatuto, en liña coa normativa europea na materia e coas demandas que expón a nosa sociedade, pretende, partindo do recoñecemento da dignidade das vítimas, a defensa dos seus bens materiais e morais e, con iso, os do conxunto da sociedade.

Con este estatuto, España aglutinará nun só texto legislativo o catálogo de dereitos da vítima, dunha banda traspondo as directivas da Unión Europea na materia e, doutra, recollendo a particular demanda da sociedade española.

##### II

Os antecedentes e fundamentos remotos do presente estatuto da vítima do delito encóntranse na Decisión marco 2001/220/JAI do Consello, do 15 de marzo de 2001, relativa ao estatuto da vítima no proceso penal, que recoñece un conxunto de dereitos das vítimas no ámbito do proceso penal, incluído o dereito de protección e indemnización, e que foi o primeiro proxecto profundo do lexislador europeo para lograr un recoñecemento homoxéneo da vítima no ámbito da Unión Europea, xerme da normativa especial posterior.

O grao de cumprimento da dita decisión marco foi obxecto do Informe da Comisión Europea de abril de 2009, que puxo de relevo que ningún Estado membro aprobara un texto legal único que recollese, sistematicamente, os dereitos da vítima e destacou a necesidade dun desenvolvemento xeral e efectivo dalgúns aspectos do mencionado estatuto.

Respecto de España, este informe destaca a existencia dun marco normativo garante dos dereitos da vítima, aínda que gran parte deses dereitos é exclusivamente procesual ou se centra nalgúns tipos moi concretos de vítimas de acordo coa súa normativa particular, isto é, a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual (desenvolvida polo Real decreto 738/1997, do 23 de maio); a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor; a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como a Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

A Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións do 18 de maio de 2011, denominada «Reforzo dos dereitos das vítimas na Unión Europea», reitera o exame dos aspectos da

protección existente ata a data que convén reforzar e a necesidade dun marco europeo de protección, como o deseñado coa Directiva 2011/99/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, sobre a orde europea de protección.

Neste contexto, produciuse a aprobación da Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúe a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello. Procede, polo tanto, traspasar ao dereito interno non só as cuestións que translucía o informe da Comisión de 2009 respecto ao grao de transposición da Decisión marco 2001/220/JAI, senón tamén as cuestións pendentes de traspasar conforme as directivas especiais e os novos dereitos e exixencias que recolle a nova Directiva de 2012.

Así pois, este texto legislativo non só responde á exixencia de mínimos que fixa o lexislador europeo co texto finalmente aprobado na citada Directiva 2012/29/UE, senón que trata de ser máis ambicioso e trasladarlle as demandas e necesidades da sociedade española para completar o deseño do Estado de dereito, centrado case sempre nas garantías procesuais e nos dereitos do imputado, acusado, procesado ou condenado.

Efectivamente, con ese foco de atención púidose advertir, e así o traslada a nosa sociedade coas súas demandas, unha certa prostración dos dereitos e especiais necesidades das vítimas do delito que cómpre abordar, en atención ao valor superior de xustiza que informa a nosa orde constitucional, e é oportuno facelo precisamente con motivo da dita transposición.

O horizonte temporal marcado pola dita directiva para proceder á súa incorporación ao dereito interno esténdese ata o 16 de novembro de 2015, pero como esta norma europea, de carácter xeral, está precedida doutras especiais que requiren unha transposición en datas máis próximas, optouse por abordar esta tarefa no presente texto e engadir ao catálogo xeral de dereitos das vítimas outras normas de aplicación particular para algunhas categorías destas.

Así mesmo, considérase oportuno, dado que un dos efectos desta lei é o de ofrecer un concepto unitario de vítima de delito máis aló da súa consideración procesual, incluír no concepto de vítima indirecta algúns supostos que non veñen impostos pola norma europea, pero si por outras normas internacionais, como a Convención de Nacións Unidas para a protección de todas as persoas contra as desaparicións forzadas.

### III

O presente Estatuto da vítima do delito ten a vocación de ser o catálogo xeral dos dereitos, procesuais e extraprocesuais, de todas as vítimas de delitos, malia as remisións á normativa especial en materia de vítimas con especiais necesidades ou con especial vulnerabilidade. Por iso, é unha obriga que, cando se trate de menores, o interese superior do menor actúe a modo de guía para calquera medida e decisión que se tome en relación cunha menor vítima dun delito durante o proceso penal. Neste sentido, a adopción das medidas de protección do título III, e especialmente a súa non adopción, deben estar fundamentadas no interese superior do menor.

Pártese dun concepto amplo de vítima, por calquera delito e calquera que sexa a natureza do prexuízo físico, moral ou material que se lle irrogase. Comprende a vítima directa, pero tamén vítimas indirectas, como familiares ou asimilados.

Doutra banda, a protección e o apoio á vítima non é só procesual nin depende da súa posición nun proceso, senón que cobra unha dimensión extraprocesual. Fúndase nun concepto amplo de recoñecemento, protección e apoio, co fin da salvagarda integral da vítima. Para iso, é fundamental ofrecerlle á vítima as máximas facilidades para o exercicio e a tutela dos seus dereitos, coa minoración de trámites innecesarios que supoñan a segunda vitimización, outorgarlle unha información e orientación eficaz dos dereitos e servizos que lle corresponden, a derivación pola autoridade competente, un trato humano e a posibilidade de facerse acompañar pola persoa que designe en todos os seus trámites, non obstante a representación procesual que proceda, entre outras medidas.

As actuacións deben estar sempre orientadas á persoa, o que exige unha avaliación e un trato individualizado de toda vítima, sen prexuízo do trato especializado que existen certos tipos de vítimas.

Como xa se indicou, o recoñecemento, a protección e o apoio á vítima non se limitan aos aspectos materiais e á reparación económica, senón que tamén se estenden á súa dimensión moral.

Por outra banda, o recoñecemento, a protección e o apoio á vítima outórganse atendendo, pola súa vez, ás especialidades das vítimas que non residen habitualmente no noso país.

A efectividade destes dereitos fai necesaria a máxima colaboración institucional e implica non só as distintas administracións públicas, o poder xudicial e colectivos de profesionais e vítimas, senón tamén as persoas concretas que, desde o seu posto de traballo, teñen contacto e se relacionan coas vítimas e, en último termo, o conxunto da sociedade. Por iso é tan necesario dotar as institucións de protocolos de actuación e de procedementos de coordinación e colaboración, como tamén o fomento de oficinas especializadas, da formación técnica, inicial e continuada do persoal, e da sensibilización que o trato á vítima comporta, sen esquecer a participación de asociacións e colectivos.

Malia a vocación unificadora do Estatuto e as remisións á normativa especial de certos colectivos de vítimas, que verían ampliada a súa asistencia e protección co catálogo xeral de dereitos da vítima, ante a ausencia dunha regulación específica para certos colectivos de vítimas con especial vulnerabilidade preténdese outorgarles unha protección especial neste texto mediante a transposición doutras dúas directivas recentes: a Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil, así como a Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas, e pola cal se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.

#### IV

En canto ao contido e á estrutura da lei, iníciase mediante un título preliminar, dedicado ás disposicións xerais, que vén establecer un concepto de vítima omnicompreensivo, por canto se estende a toda persoa que sufra un prexuízo físico, moral ou económico, como consecuencia dun delito.

Tamén se lles recoñece a condición de vítima indirecta ao cónxuxe ou persoa vinculada á vítima por unha análoga relación de afectividade, aos seus fillos e proxenitores, parentes directos e persoas a cargo da vítima directa por morte ou desaparición ocasionada polo delito, así como aos titulares da patria potestade ou tutela en relación coa desaparición forzada das persoas ao seu cargo, cando iso determine un perigo relevante de vitimización secundaria.

Os dereitos que recolle a lei serán de aplicación a todas as vítimas de delitos ocorridos en España ou que poidan ser perseguidos en España, con independencia da nacionalidade da vítima ou de se gozan ou non de residencia legal.

Así, o título preliminar recolle un catálogo xeral de dereitos comúns a todas as vítimas, que se vai desenvolvendo posteriormente ao longo do articulado e que se refire tanto aos servizos de apoio como aos de xustiza reparadora que se establezan legalmente, e ás actuacións ao longo do proceso penal en todas as súas fases -incluídas as primeiras dilixencias e a execución-, con independencia do resultado do proceso penal. Nese catálogo xeral recóllense, entre outros, o dereito á información, á protección e ao apoio en todo caso, o dereito a participar activamente no proceso penal, o dereito ao recoñecemento como tal vítima e o dereito a un trato respectuoso, profesional, individualizado e non discriminatorio.

#### V

O título I recoñece unha serie de dereitos extraprocesuais, tamén comúns a todas as vítimas, con independencia de que sexan parte nun proceso penal ou decidisen ou non exercer algún tipo de acción, e mesmo con anterioridade á iniciación do proceso penal.

Resulta innovador que toda vítima, para facilitar que se atope arroupada desde o punto de vista persoal, se poida facer acompañar da persoa que designe, sen prexuízo da intervención de avogado cando cumpra, nas súas dilixencias e trato coas autoridades.

Neste título regúlase o dereito a obter información de toda autoridade ou funcionario ao cal se acuda, con linguaxe sinxela e accesible, desde o primeiro contacto. Esa información, que deberá ser detallada e sucesivamente actualizada, debe orientar e informar sobre os dereitos que asisten a vítima en cuestións tales como medidas de apoio dispoñibles; modo de exercicio do seu dereito a denunciar; modo e condicións de protección, do asesoramento xurídico e da defensa xurídica; indemnizacións, interpretación e tradución; medidas de efectividade dos seus intereses se residen en distinto país da Unión Europea; procedemento de denuncia por inactividade da autoridade competente; datos de contacto para comunicacións; servizos dispoñibles de xustiza reparadora e modo de reembolso de gastos xudiciais.

Regúlase especificamente o dereito da vítima como denunciante e, en particular, o seu dereito a obter unha copia da denuncia, debidamente certificada, asistencia lingüística gratuíta á vítima que desexe interpor denuncia e tradución gratuíta da copia da denuncia presentada.

Así mesmo, con independencia de constituírse como parte no proceso penal, recoñécese o dereito da vítima a recibir información sobre certos fitos da causa penal.

Desenvólvese, de acordo coa normativa europea, o dereito á tradución e interpretación, tanto nas entrevistas, incluídas as policiais, coma na participación activa en vistas, e inclúe o dereito á tradución escrita e gratuíta da información esencial, en particular a decisión de pór termo á causa e a designación de lugar e hora do xuízo.

Regúlase o acceso aos servizos de apoio, que comprende a acollida inicial, orientación e información e medidas concretas de protección, sen prexuízo de apoios específicos para cada vítima, segundo aconselle a súa avaliación individual e para certas categorías de vítimas de especial vulnerabilidade.

Igualmente búscase visibilizar como vítimas os menores que se encontran nun ambiente de violencia de xénero ou violencia doméstica, para garantirlles o acceso aos servizos de asistencia e apoio, así como a adopción de medidas de protección, co obxectivo de facilitar a súa recuperación integral.

## VI

O título II sistematiza os dereitos da vítima en canto á súa participación no proceso penal como algo independente das medidas de protección da vítima no proceso, que son obxecto do título III.

Recoñéceselle á vítima o dereito a participar no proceso, de acordo co disposto na Lei de axuízamento criminal, e refórzase a súa efectividade material a través de diversas medidas: por unha banda, a notificación das resolucións de sobresemento e arquivamento e o recoñecemento do dereito a impugnalas dentro dun prazo de tempo suficiente a partir da comunicación, con independencia de que se constituíse anteriormente ou non como parte no proceso; doutra banda, o recoñecemento do dereito a obter o pagamento das custas que se lle causasen, con preferencia ao dereito do Estado a ser indemnizado polos gastos feitos na causa, cando o delito fose finalmente perseguido unicamente pola súa instancia ou o seu sobresemento fose revogado pola estimación do recurso interposto por ela.

O Estado, como é propio de calquera modelo liberal, conserva o monopolio absoluto sobre a execución das penas, o que non é incompatible con que se lle faciliten á vítima certas canles de participación que lle permitan impugnar ante os tribunais determinadas resolucións que afecten o réxime de cumprimento de condena de delitos de carácter especialmente grave, facilitar información que poida ser relevante para que os xuíces e tribunais resolvan sobre a execución da pena, responsabilidades civís ou comiso xa acordados, e solicitar a adopción de medidas de control con relación a liberados condicionais que fosen condenados por feitos dos cales poida derivar razoablemente unha situación de perigo para a vítima.

A regulación da intervención da vítima na fase de execución da pena, cando se trata do cumprimento de condenas por delitos especialmente graves, garante a confianza e a colaboración das vítimas coa xustiza penal, así como a observancia do principio de legalidade, dado que a decisión corresponde sempre á autoridade xudicial, polo que non se ve afectada a reinserción do penado.

Así mesmo, facilítaselle á vítima o exercicio dos seus dereitos, permitindo a presentación de solicitudes de xustiza gratuíta ante a autoridade ou o funcionario encargado de informala dos seus dereitos. Deste xeito evítase a peregrinaxe por diversas oficinas e regúlase o procedemento aplicable nos casos de presentación en España de denuncia por feitos delituosos cometidos noutros países da Unión Europea, así como a comunicación á vítima da súa remisión, de ser o caso, ás autoridades competentes.

O Estatuto recoñece tamén o dereito da vítima a obter a devolución inmediata dos efectos da súa propiedade, salvo nos supostos excepcionais en que o efecto en cuestión, temporalmente ou de forma definitiva, tivese que permanecer baixo a custodia das autoridades para garantir o correcto desenvolvemento do proceso.

Finalmente, inclúese unha referencia á posible actuación dos servizos de xustiza restaurativa. Neste punto, o Estatuto supera as referencias tradicionais á mediación entre vítima e infractor e subliña a desigualdade moral que existe entre ambos. Por iso, a actuación destes servizos concíbese orientada á reparación material e moral da vítima, e ten como presuposto o consentimento libre e informado da vítima e o recoñecemento previo dos feitos esenciais por parte do autor. En todo caso, a posible actuación dos servizos de xustiza restaurativa quedará excluída cando iso poida comportar algún risco para a seguridade da vítima ou poida ser causa de calquera outro prexuízo.

## VII

No título III abórdanse cuestións relativas á protección e ao recoñecemento das vítimas, así como ás medidas de protección específicas para certo tipo de vítimas.

As medidas de protección buscan a efectividade fronte a represalias, intimidación, vitimización secundaria, danos psíquicos ou agresións á dignidade durante os interrogatorios e declaracións como testemuña, e inclúen desde as medidas de protección física ata outras como o uso de salas separadas nos tribunais, para evitar contacto da vítima co infractor e calquera outra, baixo discrecionalidade xudicial, que exixan as circunstancias.

Para evitar a vitimización secundaria en particular, trátase de obter a declaración da vítima sen demora tras a denuncia, reducir o número de declaracións e recoñecementos médicos ao mínimo necesario, e garantirlle á vítima o seu dereito a facerse acompañar, non xa só do representante procesual, senón doutra persoa da súa elección, salvo resolución motivada.

A adopción de medidas e o acceso a certos servizos veñen precedidos dunha avaliación individualizada da vítima para determinar as súas necesidades de protección específica e de eventuais medidas especiais. As ditas medidas deberanse actualizar conforme o transcurso do proceso e as circunstancias sobrevidas.

As medidas de protección específica adóptanse atendendo ao carácter da persoa, ao delito e ás súas circunstancias, á entidade do dano e á súa gravidade ou á vulnerabilidade da vítima. Así, xunto coas remisións á vixente normativa especial na materia, inclúense aquelas medidas concretas de protección para colectivos que carecen de lexislación especial e, particularmente, as de menores de idade vítimas de abuso, explotación ou pornografía infantil, vítimas de trata de seres humanos, persoas con discapacidade e outros colectivos, como os delitos con pluralidade de afectados e os de efecto catastrófico.

## VIII

O título IV, finalmente, recolle unha serie de disposicións comúns, como son as relativas á organización e ao funcionamento das oficinas de asistencia ás vítimas de delito, ao fomento da formación de operadores xurídicos e do persoal ao servizo da Administración

de xustiza no trato ás vítimas, á sensibilización e concienciación mediante campañas de información, á investigación e educación en materia de apoio, protección e solidariedade coas vítimas, á cooperación coa sociedade civil e no ámbito internacional, así como ao fomento da autorregulación por parte dos medios de comunicación do tratamento de informacións que afecten a dignidade das vítimas.

Neste título cabe destacar, así mesmo, que se introducen distintas previsións para reforzar a coordinación entre os distintos servizos que realizan funcións en materia de asistencia ás vítimas, así como a colaboración con redes públicas e privadas, na liña de acadar unha maior eficacia nos servizos que se lles prestan aos cidadáns, seguindo así as directrices da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (Cora).

Regúlase, por último, a obriga de reembolso no caso das vítimas fraudulentas, condenadas por simulación de delito ou denuncia falsa, que ocasionasen gastos á Administración polo seu recoñecemento, información, protección e apoio, así como polos servizos prestados, sen prexuízo das demais responsabilidades, civís ou penais que, de ser o caso, procedan.

## IX

A lei incorpora dúas disposicións adicionais. A disposición adicional primeira, que prevé a creación e o ulterior desenvolvemento regulamentario dun mecanismo de avaliación periódica global do sistema de apoio e protección ás vítimas, con participación dos axentes e colectivos implicados, que sirva de base a futuras iniciativas e á súa mellora paulatina; e a disposición adicional segunda, relativa aos medios.

En canto ás disposicións derradeiras, destaca a disposición derradeira primeira, que modifica a vixente Lei de axuízamento criminal. Estes axustes na norma procesual penal resultan necesarios para complementar a regulación substantiva de dereitos que se recolle nesta lei, que traspón a Directiva 2012/29/UE.

O resto de disposicións derradeiras refírese á introdución dunha reforma moi puntual no Código penal, ao título competencial, ao desenvolvemento regulamentario, á adaptación dos estatutos xerais da avogacía e procuradoría e á entrada en vigor.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Ámbito.*

As disposicións desta lei serán aplicables, sen prexuízo do disposto no artigo 17, ás vítimas de delitos cometidos en España ou que poidan ser perseguidos en España, con independencia da súa nacionalidade, de se son maiores ou menores de idade ou de se disfrutan ou non de residencia legal.

#### Artigo 2. *Ámbito subxectivo. Concepto xeral de vítima.*

As disposicións desta lei serán aplicables:

- a) Como vítima directa, a toda persoa física que sufrise un dano ou prexuízo sobre a súa propia persoa ou patrimonio, en especial lesións físicas ou psíquicas, danos emocionais ou prexuízos económicos directamente causados pola comisión dun delito.
- b) Como vítima indirecta, nos casos de morte ou desaparición dunha persoa que fose causada directamente por un delito, salvo que se trate dos responsables dos feitos:

1.º Ao seu cónxuxe non separado legalmente ou de feito e aos fillos da vítima ou do cónxuxe non separado legalmente ou de feito que no momento da morte ou desaparición da vítima convivan con eles; á persoa que ata o momento da morte ou desaparición estea unida a ela por unha análoga relación de afectividade e aos fillos desta que no momento da morte ou desaparición da vítima convivan con ela; aos seus proxenitores e parentes en



liña recta ou colateral dentro do terceiro grao que se atopen baixo a súa garda e ás persoas suxeitas á súa tutela ou curatela ou que se atopen baixo o seu acollemento familiar.

2.º En caso de non existiren os anteriores, aos demais parentes en liña recta e aos seus irmáns, con preferencia entre eles do que desempeñe a representación legal da vítima.

As disposicións desta lei non serán aplicables a terceiros que sufrisen prexuízos derivados do delito.

### Artigo 3. *Dereitos das vítimas.*

1. Toda vítima ten dereito a protección, información, apoio, asistencia e atención, así como á participación activa no proceso penal e a recibir un trato respectuoso, profesional, individualizado e non discriminatorio desde o seu primeiro contacto coas autoridades ou funcionarios, durante a actuación dos servizos de asistencia e apoio ás vítimas e de xustiza restaurativa, ao longo de todo o proceso penal e por un período de tempo adecuado despois da súa conclusión, con independencia de que se coñeza ou non a identidade do infractor e do resultado do proceso.

2. O exercicio destes dereitos rexeráse polo disposto nesta lei e nas disposicións regulamentarias que a desenvolvan, así como polo disposto na lexislación especial e nas normas procesuais que resulten de aplicación.

## TÍTULO I

### Dereitos básicos

#### Artigo 4. *Dereito a entender e ser entendida.*

Toda vítima ten o dereito a entender e ser entendida en calquera actuación que deba levar a cabo desde a interposición dunha denuncia e durante o proceso penal, incluída a información previa á interposición dunha denuncia.

Para tal fin:

a) Todas as comunicacións coas vítimas, orais ou escritas, faranse nunha linguaxe clara, sinxela e accesible, dun modo que teña en conta as súas características persoais e, especialmente, as necesidades das persoas con discapacidade sensorial, intelectual ou mental ou a súa minoría de idade. Se a vítima é menor ou ten a capacidade xudicialmente modificada, as comunicacións faranse ao seu representante ou á persoa que a asista.

b) Facilitaráselle á vítima, desde o seu primeiro contacto coas autoridades ou coas oficinas de asistencia ás vítimas, a asistencia ou os apoios necesarios para que se poida facer entender ante elas, o que incluírá a interpretación nas linguas de signos recoñecidas legalmente e os medios de apoio á comunicación oral de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

c) A vítima poderá estar acompañada dunha persoa da súa elección desde o primeiro contacto coas autoridades e funcionarios.

#### Artigo 5. *Dereito á información desde o primeiro contacto coas autoridades competentes.*

1. Toda vítima ten dereito, desde o primeiro contacto coas autoridades e funcionarios, incluíndo o momento previo á presentación da denuncia, a recibir, sen atrasos innecesarios, información adaptada ás súas circunstancias e condicións persoais e á natureza do delito cometido e dos danos e perdas sufridos, sobre as seguintes cuestións:

a) Medidas de asistencia e apoio dispoñibles, sexan médicas, psicolóxicas ou materiais, e procedemento para obtelas. Dentro destas últimas incluírase, cando resulte oportuno, información sobre as posibilidades de obter un aloxamento alternativo.

- b) Dereito a denunciar e, de ser o caso, o procedemento para interpor a denuncia e dereito a facilitar elementos de proba ás autoridades encargadas da investigación.
- c) Procedemento para obter asesoramento e defensa xurídica e, de ser o caso, condicións en que se poida obter gratuitamente.
- d) Posibilidade de solicitar medidas de protección e, de ser o caso, procedemento para facelo.
- e) Indemnizacións a que poida ter dereito e, de ser o caso, procedemento para reclamálas.
- f) Servizos de interpretación e tradución dispoñibles.
- g) Axudas e servizos auxiliares para a comunicación dispoñibles.
- h) Procedemento por medio do cal a vítima poida exercer os seus dereitos no caso de que resida fóra de España.
- i) Recursos que pode interpor contra as resolucións que considere contrarias aos seus dereitos.
- j) Datos de contacto da autoridade encargada da tramitación do procedemento e canles para comunicarse con ela.
- k) Servizos de xustiza restaurativa dispoñibles, nos casos en que sexa legalmente posible.
- l) Supostos nos cales poida obter o reembolso dos gastos xudiciais e, de ser o caso, procedemento para reclamálos.
- m) Dereito a efectuar unha solicitude para que se lle notifiquen as resolucións a que se refire o artigo 7. Para estes efectos, a vítima designará na súa solicitude un enderezo de correo electrónico e, na súa falta, un enderezo postal ou domicilio, ao cal serán remitidas as comunicacións e notificacións pola autoridade.

2. Esta información será actualizada en cada fase do procedemento para lle garantir á vítima a posibilidade de exercer os seus dereitos.

#### Artigo 6. *Dereitos da vítima como denunciante.*

Toda vítima ten, no momento de presentar a súa denuncia, os seguintes dereitos:

- a) A obter unha copia da denuncia, debidamente certificada.
- b) Á asistencia lingüística gratuita e á tradución escrita da copia da denuncia presentada, cando non entenda ou non fale ningunha das linguas que teñan carácter oficial no lugar en que se presenta a denuncia.

#### Artigo 7. *Dereito a recibir información sobre a causa penal.*

1. Toda vítima que realizase a solicitude a que se refire a alínea m) do artigo 5.1 será informada sen atrasos innecesarios da data, da hora e do lugar do xuízo, así como do contido da acusación dirixida contra o infractor, e notificaránselle as seguintes resolucións:

- a) A resolución pola cal se acorde non iniciar o procedemento penal.
- b) A sentenza que poña fin ao procedemento.
- c) As resolucións que acorden a prisión ou a posterior posta en liberdade do infractor, así como a súa posible fuga.
- d) As resolucións que acorden a adopción de medidas cautelares persoais ou que modifiquen as xa acordadas, cando tivesen por obxecto garantir a seguridade da vítima.
- e) As resolucións ou decisións de calquera autoridade xudicial ou penal que afecten suxeitos condenados por delitos cometidos con violencia ou intimidación e que supoñan un risco para a seguridade da vítima. Nestes casos, e para estes efectos, a Administración penal comunicarlle inmediatamente á autoridade xudicial a resolución adoptada para a súa notificación á vítima afectada.
- f) As resolucións a que se refire o artigo 13.



Estas comunicacións incluírán, polo menos, a parte dispositiva da resolución e un breve resumo do seu fundamento, e serán remitidas ao seu enderezo de correo electrónico. Excepcionalmente, se a vítima non dispón dun enderezo de correo electrónico, remitíranse por correo ordinario ao enderezo que facilitase. No caso de cidadáns residentes fóra da Unión Europea, se non se dispón dun enderezo de correo electrónico ou postal en que realizar a comunicación, remitírase á oficina diplomática ou consular española no país de residencia para que a publique.

Se a vítima compareceu formalmente no procedemento, as resolucións serán notificadas ao seu procurador e serán comunicadas á vítima no enderezo de correo electrónico que facilitase, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

2. As vítimas poderán manifestar en calquera momento o seu desexo de non ser informadas das resolucións a que se refire este artigo, e daquela quedará sen efecto a solicitude realizada.

3. Cando se trate de vítimas de delitos de violencia de xénero, seránlles notificadas as resolucións a que se refiren as alíneas c) e d) do número 1 sen necesidade de que a vítima o solicite, salvo naqueles casos en que manifeste o seu desexo de non recibir as ditas notificacións.

4. Así mesmo, facilitaráselle, cando o solicite, información relativa á situación en que se encontra o procedemento, salvo que iso poida prexudicar o correcto desenvolvemento da causa.

#### Artigo 8. *Período de reflexión en garantía dos dereitos da vítima.*

1. Os avogados e procuradores non se poderán dirixir ás vítimas directas ou indirectas de catástrofes, calamidades públicas ou outros sucesos que producen un número elevado de vítimas que cumpran os requisitos que se determinen regulamentariamente e que poidan constituír delito, para ofrecerlles os seus servizos profesionais, ata transcorridos 45 días desde o feito.

Esta prohibición quedará sen efecto no caso de que a prestación destes servizos profesionais fose solicitada expresamente pola vítima.

2. O incumprimento desta prohibición dará lugar a responsabilidade disciplinaria por infracción moi grave, sen prexuízo das demais responsabilidades que procedan.

#### Artigo 9. *Dereito á tradución e interpretación.*

1. Toda vítima que non fale ou non entenda o castelán ou a lingua oficial que se utilice na actuación de que se trate terá dereito:

a) A ser asistida gratuitamente por un intérprete que fale unha lingua que comprenda cando se lle reciba declaración na fase de investigación polo xuíz, polo fiscal ou por funcionarios de policía, ou cando interveña como testemuña no xuízo ou en calquera outra vista oral.

Este dereito será tamén aplicable ás persoas con limitacións auditivas ou de expresión oral.

b) Á tradución gratuíta das resolucións a que se refiren o número 1 do artigo 7 e o artigo 12. A tradución incluírá un breve resumo do fundamento da resolución adoptada cando a vítima así o solicitase.

c) Á tradución gratuíta daquela información que resulte esencial para o exercicio dos dereitos a que se refire o título II. As vítimas poderán presentar unha solicitude motivada para que se considere esencial un documento.

d) A ser informada, nunha lingua que comprenda, da data, da hora e do lugar de realización do xuízo.

2. A asistencia de intérprete poderase prestar por medio de videoconferencia ou calquera medio de telecomunicación, salvo que o xuíz ou tribunal, de oficio ou por instancia de parte, acorde a presenza física do intérprete para salvagardar os dereitos da vítima.

3. Excepcionalmente, a tradución escrita de documentos poderá ser substituída por un resumo oral do seu contido nunha lingua que comprenda, cando deste xeito tamén se garanta suficientemente a equidade do proceso.

4. Cando se trate de actuacións policiais, a decisión de non lle facilitar interpretación ou tradución á vítima poderá ser impugnada perante o xuíz de instrución. Este recurso entenderase interposto cando a persoa afectada pola decisión expresase a súa desconformidade no momento da denegación.

5. A decisión xudicial de non facilitar interpretación ou tradución á vítima poderá ser impugnada en apelación.

Artigo 10. *Dereito de acceso aos servizos de asistencia e apoio.*

Toda vítima ten dereito a acceder de forma gratuíta e confidencial, nos termos que regulamentariamente se determinen, aos servizos de asistencia e apoio facilitados polas administracións públicas, así como aos que presten as oficinas de asistencia ás vítimas. Este dereito poderase estender aos familiares da vítima, nos termos que así mesmo se establezan regulamentariamente, cando se trate de delitos que causasen prexuízos de especial gravidade.

As autoridades ou os funcionarios que entren en contacto coas vítimas deberán derivalas ás oficinas de asistencia ás vítimas cando resulte necesario en atención á gravidade do delito ou naqueles casos en que a vítima o solicite.

Os fillos menores e os menores suxeitos a tutela, garda e custodia das mulleres vítimas de violencia de xénero ou de persoas vítimas de violencia doméstica terán dereito ás medidas de asistencia e protección previstas nos títulos I e III desta lei.

## TÍTULO II

### Participación da vítima no proceso penal

Artigo 11. *Participación activa no proceso penal.*

Toda vítima ten dereito:

- a) A exercer a acción penal e a acción civil conforme o disposto na Lei de axuizamento criminal, sen prexuízo das excepcións que poidan existir.
- b) A comparecer ante as autoridades encargadas da investigación para achegarlles as fontes de proba e a información que xulgue relevante para o esclarecemento dos feitos.

Artigo 12. *Comunicación e revisión do sobresemento da investigación por instancia da vítima.*

1. A resolución de sobresemento será comunicada, de conformidade co disposto na Lei de axuizamento criminal, ás vítimas directas do delito que denunciaren os feitos, así como ao resto de vítimas directas de cuxa identidade e domicilio se teña coñecemento.

Nos casos de morte ou desaparición dunha persoa que fose causada directamente por un delito, comunicaráselles, conforme o disposto na Lei de axuizamento criminal, ás persoas a que se refire a alínea b) do artigo 2. Nestes supostos, o xuíz ou tribunal poderá acordar, motivadamente, prescindir da comunicación a todos os familiares cando xa se dirixise con éxito a varios deles ou cando resultasen infrutuosas cantas xestións se practicasen para a súa localización.

2. A vítima poderá impugnar a resolución de sobresemento conforme o disposto na Lei de axuizamento criminal, sen que sexa necesario para iso a súa comparecencia previa no proceso.

Artigo 13. *Participación da vítima na execución.*

1. As vítimas que solicitasen, conforme a alínea m) do artigo 5.1, que lles sexan notificadas as resolucións seguintes, poderán impugnalas de acordo co establecido na Lei de axuízamento criminal, aínda que non comparecesen na causa:

a) O auto polo cal o xuíz de vixilancia penitenciaria autoriza, conforme o previsto no parágrafo terceiro do artigo 36.2 do Código penal, a posible clasificación do penado en terceiro grao antes de que se extinga a metade da condena, cando a vítima o fose dalgún dos seguintes delitos:

- 1.º Delitos de homicidio.
- 2.º Delitos de aborto do artigo 144 do Código penal.
- 3.º Delitos de lesións.
- 4.º Delitos contra a liberdade.
- 5.º Delitos de tortura e contra a integridade moral.
- 6.º Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.
- 7.º Delitos de roubo cometidos con violencia ou intimidación.
- 8.º Delitos de terrorismo.
- 9.º Delitos de trata de seres humanos.

b) O auto polo cal o xuíz de vixilancia penitenciaria acorde, conforme o previsto no artigo 78.3 do Código penal, que os beneficios penais, os permisos de saída, a clasificación en terceiro grao e o cómputo de tempo para a liberdade condicional se refiran ao límite de cumprimento de condena, e non á suma das penas impostas, cando a vítima o fose dalgún dos delitos a que se refire a alínea a) deste punto ou dun delito cometido no seo dun grupo ou organización criminal.

c) O auto polo cal se lle conceda ao penado a liberdade condicional, cando se trate dalgún dos delitos a que se refire o parágrafo segundo do artigo 36.2 do Código penal ou dalgún dos delitos a que se refire a alínea a) deste punto, sempre que se impuxese unha pena de máis de cinco anos de prisión.

A vítima deberalle anunciar ao secretario xudicial competente a súa vontade de interpor recurso dentro do prazo máximo de cinco días contados a partir do momento en que se notificase, conforme o disposto nos parágrafos segundo e terceiro do artigo 7.1, e interpor o recurso dentro do prazo de quince días desde a dita notificación.

Para o anuncio da presentación do recurso non será necesaria a asistencia de avogado.

2. As vítimas estarán tamén lexitimadas para:

a) Solicitar que se impoñan ao liberado condicional as medidas ou regras de conduta previstas pola lei que consideren necesarias para garantir a súa seguridade, cando aquel fose condenado por feitos dos cales poida derivar razoablemente unha situación de perigo para a vítima;

b) Facilitarlle ao xuíz ou tribunal calquera información que resulte relevante para resolver sobre a execución da pena imposta, as responsabilidades civís derivadas do delito ou o comiso que fose acordado.

3. Antes de que o xuíz de vixilancia penitenciaria teña que ditar algunha das resolucións indicadas no número 1 deste artigo, dará traslado á vítima para que no prazo de cinco días formule as súas alegacións, sempre que esta efectuase a solicitude a que se refire a alínea m) do número 1 do artigo 5 desta lei.

Artigo 14. *Reembolso de gastos.*

A vítima que participase no proceso terá dereito a obter o reembolso dos gastos necesarios para o exercicio dos seus dereitos e as custas procesuais que se lle causasen, con preferencia respecto do pagamento dos gastos que se lle causasen ao Estado, cando

se impoña na sentenza de condena o seu pagamento e se condenase o acusado, por instancia da vítima, por delitos polos cales o Ministerio Fiscal non formulase acusación ou tras revogarse a resolución de arquivamento por recurso interposto pola vítima.

Artigo 15. *Servizos de xustiza restaurativa.*

1. As vítimas poderán acceder a servizos de xustiza restaurativa, nos termos que regulamentariamente se determinen, coa finalidade de obter unha adecuada reparación material e moral dos prexuízos derivados do delito, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O infractor recoñecese os feitos esenciais de que deriva a súa responsabilidade;
- b) A vítima prestase o seu consentimento, despois de recibir información exhaustiva e imparcial sobre o seu contido, os seus posibles resultados e os procedementos existentes para facer efectivo o seu cumprimento;
- c) O infractor prestase o seu consentimento;
- d) O procedemento de mediación non entrañe un risco para a seguridade da vítima, nin exista o perigo de que o seu desenvolvemento poida causar novos prexuízos materiais ou morais para a vítima; e
- e) Non estea prohibida pola lei para o delito cometido.

2. Os debates desenvolvidos dentro do procedemento de mediación serán confidenciais e non poderán ser difundidos sen o consentimento de ambas as partes. Os mediadores e outros profesionais que participen no procedemento de mediación estarán suxeitos ao segredo profesional con relación aos feitos e manifestacións de que tivesen coñecemento no exercicio da súa función.

3. A vítima e o infractor poderán revogar o seu consentimento para participar no procedemento de mediación en calquera momento.

Artigo 16. *Xustiza gratuíta.*

As vítimas poderán presentar as súas solicitudes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta ante o funcionario ou a autoridade que lles facilite a información a que se refire a alínea c) do artigo 5.1, que a trasladará, xunto coa documentación achegada, ao colexio de avogados correspondente.

A solicitude tamén poderá ser presentada ante as oficinas de asistencia ás vítimas da Administración de xustiza, que a remitirán ao colexio de avogados que corresponda.

Artigo 17. *Vítimas de delitos cometidos noutros Estados membros da Unión Europea.*

As vítimas residentes en España poderán presentar ante as autoridades españolas denuncias correspondentes a feitos delituosos que se cometesen no territorio doutros países da Unión Europea.

No caso de que as autoridades españolas resolvan non dar curso á investigación por falta de xurisdición, remitirán inmediatamente a denuncia presentada ás autoridades competentes do Estado en cuxo territorio se cometesen os feitos e comunicaranllo ao denunciante polo procedemento que designase, conforme o previsto na alínea m) do artigo 5.1 desta lei.

Artigo 18. *Devolución de bens.*

As vítimas terán dereito a obter, de conformidade co disposto na Lei de axuízamento criminal, a devolución sen demora dos bens restituíbles da súa propiedade que fosen incautados no proceso.

A devolución poderá ser denegada cando a conservación dos efectos pola autoridade resulte imprescindible para o correcto desenvolvemento do proceso penal e non sexa

suficiente coa imposición ao propietario dunha obriga de conservación dos efectos á disposición do xuíz ou tribunal.

Así mesmo, a devolución dos ditos efectos poderase denegar, conforme o previsto na lexislación que sexa de aplicación, cando a súa conservación sexa necesaria nun procedemento de investigación técnica dun accidente.

### TÍTULO III

#### Protección das vítimas

##### Artigo 19. *Dereito das vítimas á protección.*

As autoridades e os funcionarios encargados da investigación, persecución e axuízamento dos delitos adoptarán as medidas necesarias, de acordo co establecido na Lei de axuízamento criminal, para garantir a vida da vítima e dos seus familiares, a súa integridade física e psíquica, liberdade, seguridade, liberdade e indemnidade sexuais, así como para protexer adecuadamente a súa intimidade e a súa dignidade, particularmente cando se lles reciba declaración ou deban testificar en xuízo, e para evitar o risco da súa vitimización secundaria ou reiterada.

No caso das vítimas menores de idade, a Fiscalía velará especialmente polo cumprimento deste dereito de protección adoptando as medidas adecuadas ao seu interese superior cando resulte necesario para impedir ou reducir os prexuízos que para eles poidan derivar do desenvolvemento do proceso.

##### Artigo 20. *Dereito a que se evite o contacto entre vítima e infractor.*

As dependencias en que se desenvolvan os actos do procedemento penal, incluída a fase de investigación, estarán dispostas de modo que se evite o contacto directo entre as vítimas e os seus familiares, dunha parte, e o sospeitoso da infracción ou acusado, doutra, conforme a Lei de axuízamento criminal e sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes.

##### Artigo 21. *Protección da vítima durante a investigación penal.*

As autoridades e os funcionarios encargados da investigación penal velarán para que, na medida en que iso non prexudique a eficacia do proceso:

- a) Se reciba declaración ás vítimas, cando resulte necesario, sen dilacións inxustificadas.
- b) Se reciba declaración ás vítimas o menor número de veces posible e unicamente cando resulte estritamente necesario para os fins da investigación penal.
- c) As vítimas poidan estar acompañadas, ademais de polo seu representante procesual e, de ser o caso, polo representante legal, por unha persoa da súa elección, durante a práctica daquelas dilixencias en que deban intervir, salvo que motivadamente resolva o contrario o funcionario ou a autoridade encargados da práctica da dilixencia para garantir o seu correcto desenvolvemento.
- d) Os recoñecementos médicos das vítimas soamente se leven a cabo cando resulten imprescindibles para os fins do proceso penal e se reduza ao mínimo o seu número.

##### Artigo 22. *Dereito á protección da intimidade.*

Os xuíces, tribunais, fiscais e as demais autoridades e funcionarios encargados da investigación penal, así como todos aqueles que de calquera modo interveñan ou participen no proceso adoptarán, de acordo co disposto na lei, as medidas necesarias para protexer a intimidade de todas as vítimas e dos seus familiares e, en particular, para impedir a difusión de calquera información que poida facilitar a identificación das vítimas menores de idade ou de vítimas con discapacidade necesitadas de especial protección.

Artigo 23. *Avaliación individual das vítimas co fin de determinar as súas necesidades especiais de protección.*

1. A determinación de que medidas de protección, reguladas nos artigos seguintes, deben ser adoptadas para lle evitar á vítima prexuízos relevantes que, doutro xeito, poidan derivar do proceso, realizarase tras unha valoración das súas circunstancias particulares.

2. Esta valoración terá especialmente en consideración:

a) As características persoais da vítima e, en particular,:

1.º Se se trata dunha persoa con discapacidade ou se existe unha relación de dependencia entre a vítima e o suposto autor do delito.

2.º Se se trata de vítimas menores de idade ou de vítimas necesitadas de especial protección ou nas cales concorran factores de especial vulnerabilidade.

b) A natureza do delito e a gravidade dos prexuízos causados á vítima, así como o risco de reiteración do delito. Para estes efectos, valoraranse especialmente as necesidades de protección das vítimas dos seguintes delitos:

1.º Delitos de terrorismo.

2.º Delitos cometidos por unha organización criminal.

3.º Delitos cometidos sobre o cónxuxe ou sobre a persoa que estea ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente.

4.º Delitos contra a liberdade ou indemnidade sexual.

5.º Delitos de trata de seres humanos.

6.º Delitos de desaparición forzada.

7.º Delitos cometidos por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, á pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, á súa orixe nacional, ao seu sexo, orientación ou identidade sexual, enfermidade ou discapacidade.

c) As circunstancias do delito, en particular se se trata de delitos violentos.

3. Ao longo do proceso penal, a adopción de medidas de protección para vítimas menores de idade terá en conta a súa situación persoal, necesidades inmediatas, idade, xénero, discapacidade e nivel de madurez, e respectará plenamente a súa integridade física, mental e moral.

4. No caso de menores de idade vítimas dalgún delito contra a liberdade ou indemnidade sexual, aplicaranse en todo caso as medidas expresadas nas alíneas a), b) e c) do artigo 25.1.

Artigo 24. *Competencia e procedemento de avaliación.*

1. A valoración das necesidades da vítima e a determinación das medidas de protección corresponden:

a) Durante a fase de investigación do delito, ao xuíz de instrución ou ao de violencia sobre a muller, sen prexuízo da avaliación e resolución provisionais que deberán realizar e adoptar o fiscal, nas súas dilixencias de investigación ou nos procedementos sometidos á Lei orgánica de responsabilidade penal dos menores, ou os funcionarios de policía que actúen na fase inicial das investigacións.

b) Durante a fase de axuízamento, ao xuíz ou tribunal aos cales corresponda o coñecemento da causa.

A resolución que se adopte deberá ser motivada e reflectirá cales son as circunstancias que foron valoradas para a súa adopción.



Determinaranse regulamentariamente a tramitación, a constancia documental e a xestión da valoración e as súas modificacións.

2. A valoración das necesidades de protección da vítima incluírá sempre a daquelas que ela manifestase con esa finalidade, así como a vontade que expresase.

A vítima poderá renunciar ás medidas de protección que fosen acordadas de conformidade cos artigos 25 e 26.

3. No caso das vítimas que sexan menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, a súa avaliación tomará en consideración as súas opinións e intereses.

4. Os servizos de asistencia á vítima soamente poderán facilitar a terceiros a información que recibisen da vítima co seu consentimento previo e informado. Fóra deses casos, a información soamente poderá ser trasladada, de ser o caso e con carácter reservado, á autoridade que adopta a medida de protección.

5. Calquera modificación relevante das circunstancias en que se baseou a avaliación individual das necesidades de protección da vítima determinará unha actualización dela e, de ser o caso, a modificación das medidas de protección acordadas.

#### Artigo 25. *Medidas de protección.*

1. Durante a fase de investigación poderanse adoptar as seguintes medidas para a protección das vítimas:

a) Que lles reciban declaración en dependencias especialmente concibidas ou adaptadas para tal fin.

b) Que lles reciban declaración profesionais que recibisen unha formación especial para reducir ou limitar prexuízos á vítima, ou coa súa axuda.

c) Que todas as tomas de declaración a unha mesma vítima lle sexan realizadas pola mesma persoa, salvo que iso poida prexudicar de forma relevante o desenvolvemento do proceso ou deba tomar a declaración directamente un xuíz ou un fiscal.

d) Que a toma de declaración, cando se trate dalgunha das vítimas ás cales se refiren os ordinais 3.º e 4.º da alínea b) do número 2 do artigo 23 e as vítimas de trata con fins de explotación sexual, a leve a cabo unha persoa do mesmo sexo que a vítima cando esta así o solicite, salvo que iso poida prexudicar de forma relevante o desenvolvemento do proceso ou cando deba tomar a declaración directamente un xuíz ou fiscal.

2. Durante a fase de axuízamento poderanse adoptar, conforme o disposto na Lei de axuízamento criminal, as seguintes medidas para a protección das vítimas:

a) Medidas que eviten o contacto visual entre a vítima e o suposto autor dos feitos, mesmo durante a práctica da proba, para o cal se poderá facer uso de tecnoloxías da comunicación.

b) Medidas para garantir que a vítima poida ser oída sen estar presente na sala de vistas, mediante a utilización de tecnoloxías da comunicación adecuadas.

c) Medidas para evitar que se formulen preguntas relativas á vida privada da vítima que non teñan relevancia co feito delituoso axuízado, salvo que o xuíz ou tribunal consideren excepcionalmente que deben ser contestadas para valorar adecuadamente os feitos ou a credibilidade da declaración da vítima.

d) Celebración da vista oral sen presenza de público. Nestes casos, o xuíz ou o presidente do tribunal poderán autorizar, porén, a presenza de persoas que acrediten un especial interese na causa.

As medidas a que se refiren as alíneas a) e c) tamén poderán ser adoptadas durante a fase de investigación.

3. Así mesmo, tamén se poderá acordar, para a protección das vítimas, a adopción dalgunha ou dalgunhas das medidas de protección a que se refire o artigo 2 da Lei orgánica 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais.

Artigo 26. *Medidas de protección para menores e persoas con discapacidade necesitadas de especial protección.*

1. No caso das vítimas menores de idade e no de vítimas con discapacidade necesitadas de especial protección, ademais das medidas previstas no artigo anterior adoptaranse, de acordo co disposto na Lei de axuízamento criminal, as medidas que resulten necesarias para evitar ou limitar, na medida do posible, que o desenvolvemento da investigación ou a celebración do xuízo se convertan nunha nova fonte de prexuízos para a vítima do delito. En particular, serán aplicables as seguintes:

a) As declaracións recibidas durante a fase de investigación serán gravadas por medios audiovisuais e poderán ser reproducidas no xuízo nos casos e nas condicións determinadas pola Lei de axuízamento criminal.

b) A declaración poderá ser recibida por medio de expertos.

2. O fiscal solicitará do xuíz ou tribunal a designación dun defensor xudicial da vítima, para que a represente na investigación e no proceso penal, nos seguintes casos:

a) Cando valore que os representantes legais da vítima menor de idade ou con capacidade xudicialmente modificada teñen con ela un conflito de intereses, derivado ou non do feito investigado, que non permite confiar nunha xestión adecuada dos seus intereses na investigación ou no proceso penal.

b) Cando o conflito de intereses a que se refire a alínea a) deste punto exista cun dos proxenitores e o outro non se atope en condicións de exercer adecuadamente as súas funcións de representación e asistencia da vítima menor ou con capacidade xudicialmente modificada.

c) Cando a vítima menor de idade ou con capacidade xudicialmente modificada non estea acompañada ou se encontre separada de quen exerza a patria potestade ou cargos tutelares.

3. Cando existan dúbidas sobre a idade da vítima e non poida ser determinada con certeza, presumirase que se trata dunha persoa menor de idade, para os efectos do disposto nesta lei.

## TÍTULO IV

### Disposicións comúns

#### CAPÍTULO I

##### Oficinas de asistencia ás vítimas

Artigo 27. *Organización das oficinas de asistencia ás vítimas.*

1. O Goberno e as comunidades autónomas que asumisen competencias en materia de xustiza organizarán, no ámbito que lles é propio, oficinas de asistencia ás vítimas.

2. O Ministerio de Xustiza ou as comunidades autónomas poderán celebrar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas, sen ánimo de lucro, para prestaren os servizos de asistencia e apoio a que se refire este título.

Artigo 28. *Funcións das oficinas de asistencia ás vítimas.*

1. As oficinas de asistencia ás vítimas prestarán unha asistencia que incluírá, como mínimo:

a) Información xeral sobre os seus dereitos e, en particular, sobre a posibilidade de acceder a un sistema público de indemnización.

b) Información sobre os servizos especializados dispoñibles que poidan prestar asistencia á vítima, á vista das súas circunstancias persoais e da natureza do delito de que poida ser obxecto.

c) Apoio emocional á vítima.

d) Asesoramento sobre os dereitos económicos relacionados co proceso, en particular, o procedemento para reclamar a indemnización dos danos e perdas sufridos e o dereito a acceder á xustiza gratuíta.

e) Asesoramento sobre o risco e a forma de previr a vitimización secundaria ou reiterada, ou a intimidación ou represalias.

f) Coordinación dos diferentes órganos, institucións e entidades competentes para a prestación de servizos de apoio á vítima.

g) Coordinación con xuíces, tribunais e co Ministerio Fiscal para a prestación dos servizos de apoio ás vítimas.

2. As oficinas de asistencia ás vítimas realizarán unha valoración das súas circunstancias particulares, especialmente no relativo ás circunstancias a que se refire o número 2 do artigo 23, coa finalidade de determinar que medidas de asistencia e apoio se lle deben prestar á vítima, entre as cales se poderán incluír:

a) A prestación de apoio ou asistencia psicolóxica.

b) O acompañamento a xuízo.

c) A información sobre os recursos psicosociais e asistenciais dispoñibles e, se a vítima o solicita, derivación a estes.

d) As medidas especiais de apoio que poidan resultar necesarias cando se trate dunha vítima con necesidades especiais de protección.

e) A derivación a servizos de apoio especializados.

3. O acceso aos servizos de apoio ás vítimas non se condicionará á presentación previa dunha denuncia.

4. Os familiares da vítima poderán acceder aos servizos de apoio ás vítimas conforme o que se dispoña regulamentariamente, cando se trate de delitos que causasen prexuízos de especial gravidade.

5. As vítimas con discapacidade ou con necesidades especiais de protección, así como, de ser o caso, as súas familias, recibirán, directamente ou mediante a súa derivación cara a servizos especializados, a asistencia e o apoio que resulten necesarios.

*Artigo 29. Funcións de apoio a actuacións de xustiza restaurativa e de solución extraprocesual.*

As oficinas de asistencia ás vítimas prestarán, nos termos que regulamentariamente se determinen, apoio aos servizos de xustiza restaurativa e demais procedementos de solución extraprocesual que legalmente se establezan.

## CAPÍTULO II

### Formación

*Artigo 30. Formación nos principios de protección das vítimas.*

1. O Ministerio de Xustiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, asegurarán unha formación xeral e específica, relativa á protección das vítimas no proceso penal, nos cursos de formación de xuíces e maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais, forzas e corpos de seguridade, médicos forenses, persoal ao servizo da Administración de xustiza, persoal das oficinas de asistencia ás vítimas e, de ser o caso, funcionarios da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas que desempeñen funcións nesta materia.

Nestes cursos de formación prestaráselles particular atención ás vítimas necesitadas de especial protección, a aquelas en que concorran factores de especial vulnerabilidade e ás vítimas menores ou con discapacidade.

2. Os colexios de avogados e de procuradores impulsarán a formación e sensibilización dos seus colexiados nos principios de protección das vítimas contidos nesta lei.

#### Artigo 31. *Protocolos de actuación.*

O Goberno e as comunidades autónomas no marco das súas competencias, co fin de facer máis efectiva a protección das vítimas e dos seus dereitos recoñecidos por esta lei, aprobarán os protocolos que resulten necesarios para a protección das vítimas.

Así mesmo, os colexios profesionais que integren aqueles que, na súa actividade profesional, se relacionan e prestan servizos ás vítimas de delitos, promoverán igualmente a elaboración de protocolos de actuación que orienten a súa actividade cara á protección das vítimas.

### CAPÍTULO III

#### Cooperación e boas prácticas

#### Artigo 32. *Cooperación con profesionais e avaliación da atención ás vítimas.*

Os poderes públicos fomentarán a cooperación cos colectivos profesionais especializados no trato, atención e protección ás vítimas.

Fomentarase a participación destes colectivos nos sistemas de avaliación do funcionamento das normas, medidas e demais instrumentos que se adopten para a protección e asistencia ás vítimas.

#### Artigo 33. *Cooperación internacional.*

Os poderes públicos promoverán a cooperación con outros Estados e especialmente cos Estados membros da Unión Europea en materia de dereitos das vítimas de delito, en particular mediante o intercambio de experiencias, fomento de información, remisión de información para facilitar a asistencia ás vítimas concretas polas autoridades do seu lugar de residencia, concienciación, investigación e educación, cooperación coa sociedade civil, asistencia a redes sobre dereito das vítimas e outras actividades relacionadas.

#### Artigo 34. *Sensibilización.*

Os poderes públicos fomentarán campañas de sensibilización social en favor das vítimas, así como a autorregulación dos medios de comunicación social de titularidade pública e privada co fin de preservar a intimidade, a dignidade e os demais dereitos das vítimas. Estes dereitos deberán ser respectados polos medios de comunicación social.

### CAPÍTULO IV

#### Obriga de reembolso

#### Artigo 35. *Obriga de reembolso.*

1. A persoa que se beneficiase de subvencións ou axudas percibidas pola súa condición de vítima e que fose obxecto dalgunha das medidas de protección reguladas nesta lei estará obrigada a reembolsar as cantidades recibidas no devandito concepto e ao aboamento dos gastos causados á Administración polas súas actuacións de recoñecemento, información, protección e apoio, así como polos servizos prestados cun

incremento do xuro legal do diñeiro aumentado nun cincuenta por cento, se for condenada por denuncia falsa ou simulación de delito.

2. O procedemento de liquidación da anterior obriga de reembolso e a determinación das contías que poidan corresponder a cada concepto determinaranse regulamentariamente.

3. Esta disposición aplicarase sen prexuízo do previsto na Lei de asistencia xurídica gratuita.

Disposición adicional primeira. *Avaliación periódica do sistema de atención ás vítimas do delito en España.*

O funcionamento das institucións, mecanismos e garantías de asistencia ás vítimas do delito será obxecto dunha avaliación anual, que levará a cabo o Ministerio de Xustiza conforme o procedemento que se determine regulamentariamente.

Estas avaliacións, cuxos resultados serán publicados na páxina web, orientarán a mellora do sistema de protección e a adopción de novas medidas para garantir a súa eficacia.

O Goberno remitirá ás Cortes Xerais un informe anual coa avaliación e as propostas de mellora do sistema de protección das vítimas e das medidas que garantan a súa eficacia.

Disposición adicional segunda. *Medios.*

As medidas incluídas nesta lei non poderán supor incremento de dotacións de persoal, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Aplicación temporal.*

As disposicións contidas nesta lei serán aplicables ás vítimas de delitos a partir da data da súa entrada en vigor, sen que iso supoña unha retroacción dos trámites que xa se cumprisen.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de rango igual ou inferior en canto contradigan o disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuízamento criminal para efectos da transposición dalgunhas das disposicións contidas na Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos.*

A Lei de axuízamento criminal queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 109, que queda redactado como segue:

«Artigo 109.

No acto en que o xuíz recibe declaración ao ofendido que tivese a capacidade legal necesaria, o secretario xudicial instruírao do dereito que o asiste para comparecer no proceso e renunciar ou non á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado polo feito punible. Así mesmo, informarao dos dereitos recollidos na lexislación vixente e poderá delegar esta función en persoal especializado na asistencia a vítimas.

Se é menor ou ten a capacidade xudicialmente modificada, practícarase a mesma dilixencia co seu representante legal ou coa persoa que o asista.

Fóra dos casos previstos nos dous parágrafos anteriores, non se lles fará aos interesados nas accións civís ou penais ningunha notificación que prolongue ou deteña o curso da causa, o cal non obsta para que o secretario xudicial procure instruír sobre aquel dereito o ofendido ausente.

En calquera caso, nos procesos que se sigan por delitos comprendidos no artigo 57 do Código penal, o secretario xudicial aseguralle a comunicación á vítima dos actos procesuais que poidan afectar a súa seguridade.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 109 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 109 bis.

1. As vítimas do delito que non renunciaren ao seu dereito poderán exercer a acción penal en calquera momento antes do trámite de cualificación do delito, aínda que iso non permitirá retrotraer nin reiterar as actuacións xa practicadas antes da súa comparecencia.

No caso de morte ou desaparición da vítima como consecuencia do delito, a acción penal poderá ser exercida polo seu cónxuxe non separado legalmente ou de feito e polos fillos desta ou do cónxuxe non separado legalmente ou de feito que no momento da morte ou desaparición da vítima convivan con eles; pola persoa que ata o momento da morte ou desaparición estivese unida a ela por unha análoga relación de afectividade e polos fillos desta que no momento da morte ou desaparición da vítima convivisen con ela; polos seus proxenitores e parentes en liña recta ou colateral dentro do terceiro grao que se encontraren baixo a súa garda, persoas suxeitas á súa tutela ou curatela ou que se encontraren baixo o seu acollemento familiar.

En caso de non existiren os anteriores, poderá ser exercida polos demais parentes en liña recta e polos seus irmáns, con preferencia, entre eles, do que exerza a representación legal da vítima.

2. O exercicio da acción penal por algunha das persoas lexitimadas conforme este artigo non impide o seu exercicio posterior por calquera outro dos lexitimados. Cando exista unha pluralidade de vítimas, todas elas poderán comparecer independentemente coa súa propia representación. No entanto, nestes casos, cando se poida ver afectada a boa orde do proceso ou o dereito a un proceso sen dilacións indebidas, o xuíz ou tribunal, en resolución motivada e tras oír todas as partes, poderá impor que se agrupen nunha ou en varias representacións e que sexan dirixidos pola mesma ou por varias defensas, en razón dos seus respectivos intereses.

3. A acción penal tamén poderá ser exercida polas asociacións de vítimas e polas persoas xurídicas ás cales a lei lles recoñece lexitimación para defender os dereitos das vítimas, sempre que iso sexa autorizado pola vítima do delito.

Cando o delito ou falta cometida teña por finalidade impedir ou obstaculizarlles aos membros das corporacións locais o exercicio das súas funcións públicas, poderá tamén constituírse como parte na causa a Administración local en cuxo territorio se cometese o feito punible.»

Tres. Modifícase o artigo 110, que queda redactado como segue:

«Artigo 110.

Os prexudicados por un delito ou falta que non renunciaren ao seu dereito poderán comparecer na causa se o fan antes do trámite de cualificación do delito e exercer as accións civís que procedan, segundo lles conviñer, sen que por isto se retroceda no curso das actuacións.

Mesmo cando os prexudicados non comparezan na causa, non por isto se entende que renuncian ao dereito de restitución, reparación ou indemnización que ao seu favor se pode acordar en sentenza firme e será necesario que a renuncia deste dereito se faga, de ser o caso, dunha maneira clara e terminante.»



Catro. Modifícase o artigo 261, que queda redactado como segue:

«Artigo 261.

Tampouco estarán obrigados a denunciar:

1.º O cónxuxe do delinciente non separado legalmente ou de feito ou a persoa que conviva con el en análoga relación de afectividade.

2.º Os ascendentes e descendentes do delinciente e os seus parentes colaterais ata o segundo grao inclusive.»

Cinco. Modifícase o artigo 281, que queda redactado como segue:

«Artigo 281.

Quedan exentos de cumprir o disposto no artigo anterior:

1.º O ofendido e os seus herdeiros ou representantes legais.

2.º Nos delitos de asasinato ou de homicidio, o cónxuxe do defunto ou persoa vinculada a el por unha análoga relación de afectividade, os ascendentes e descendentes e os seus parentes colaterais ata o segundo grao inclusive, os herdeiros da vítima e os pais, nais e fillos do delinciente.

3.º As asociacións de vítimas e as persoas xurídicas ás cales a lei lles recoñece lexitimación para defender os dereitos das vítimas sempre que o exercicio da acción penal fose expresamente autorizado pola propia vítima.

A exención de fianza non é aplicable aos estranxeiros se non lles corresponde en virtude de tratados internacionais ou polo principio de reciprocidade.»

Seis. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 282, que queda redactado como segue:

«A Policía Xudicial ten por obxecto, e será obriga de todos os que a compoñen, pescudar os delitos públicos que se cometan no seu territorio ou demarcación; practicar, segundo as súas atribucións, as dilixencias necesarias para comprobalos e descubrir os delincuentes, e recoller todos os efectos, instrumentos ou probas do delito de cuxa desaparición haxa perigo, pónndoos á disposición da autoridade xudicial. Cando as vítimas entren en contacto coa Policía Xudicial, cumprirá cos deberes de información que prevé a lexislación vixente. Así mesmo, levarán a cabo unha valoración das circunstancias particulares das vítimas para determinar provisionalmente que medidas de protección se deben adoptar para garantirles unha protección adecuada, sen prexuízo da decisión final que lle corresponderá adoptar ao xuíz ou tribunal.»

Sete. Modifícase o artigo 284, que queda redactado como segue:

«Artigo 284.

Tan pronto como os funcionarios da Policía Xudicial teñan coñecemento dun delito público ou sexan requiridos para previr a instrución de dilixencias por razón dalgún delito privado, comunicaranllo á autoridade xudicial ou ao representante do Ministerio Fiscal, se poden facelo sen cesar na práctica das dilixencias de prevención. Noutro caso, farano así que as rematen.

Se recolleron armas, instrumentos ou efectos de calquera clase que poidan ter relación co delito e se encontren no lugar en que este se cometeu ou nas súas inmediacións, ou en poder do reo ou noutra parte coñecida, expedirán dilixencia expresiva do lugar, tempo e ocasión en que se encontren, que incluírá unha descrición minuciosa para que se poida formar idea cabal deles e das circunstancias

do seu achado, que poderá ser substituída por unha reportaxe gráfica. A dilixencia será asinada pola persoa en cuxo poder se achasen.

A incautación de efectos que poidan pertencer a unha vítima do delito será comunicada a esta.

A persoa afectada pola incautación en calquera momento poderá interpor recurso contra a medida ante o xuíz de instrución, de conformidade co disposto no parágrafo terceiro do artigo 334.»

Oito. Modifícase o artigo 301, que queda redactado como segue:

«Artigo 301.

As dilixencias do sumario serán reservadas e non terán carácter público ata que se abra o xuízo oral, coas excepcións determinadas na presente lei.

O avogado ou procurador de calquera das partes que revele indebidamente o contido do sumario será corrixido con multa de 500 a 10.000 euros.

Na mesma multa incorrerá calquera outra persoa que, non sendo funcionario público, cometa a mesma falta.

O funcionario público, no caso dos parágrafos anteriores, incorrerá na responsabilidade que o Código penal sinale no seu lugar respectivo.»

Nove. Introdúcese un novo artigo 301 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 301 bis.

O xuíz poderá acordar, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da vítima, a adopción de calquera das medidas a que se refire o número 2 do artigo 681 cando resulte necesario para protexer a intimidade da vítima ou o respecto debido a esta ou á súa familia.»

Dez. Introdúcense dous novos parágrafos, terceiro e cuarto, ao artigo 334, coa seguinte redacción:

«A persoa afectada pola incautación poderá interpor recurso contra a medida en calquera momento ante o xuíz de instrución. Este recurso non requirirá da intervención de avogado cando sexa presentado por terceiras persoas diferentes do imputado. O recurso entenderase interposto cando a persoa afectada pola medida ou un familiar seu maior de idade expresasen a súa desconformidade no momento desta.

Os efectos que pertencen á vítima do delito seranlle restituídos inmediatamente, salvo que excepcionalmente deban ser conservados como medio de proba ou para a práctica doutras dilixencias, e sen prexuízo da súa restitución tan pronto como resulte posible. Os efectos serán tamén restituídos inmediatamente cando deban ser conservados como medio de proba ou para a práctica doutras dilixencias, pero a súa conservación poida garantirse impóndolle ao propietario o deber de mantelos á disposición do xuíz ou tribunal. A vítima poderá, en todo caso, interpor recurso contra esta decisión conforme o disposto no parágrafo anterior.»

Once. Modifícase o artigo 433, que queda redactado como segue:

«Artigo 433.

Ao se presentaren a declarar, as testemuñas entregaránlle ao secretario a copia da cédula de citación.

As testemuñas maiores de idade penal prestarán xuramento ou promesa de dicir todo o que saiban respecto do que lles pregunten e o xuíz estará obrigado a informalas, nunha linguaxe clara e comprensible, da obriga que teñen de ser veraces e da posibilidade de incorrer en nun delito de falso testemuño en causa criminal.

As testemuñas que, de acordo co disposto no Estatuto da vítima do delito, teñan a condición de vítimas do delito, poderán facerse acompañar polo seu representante legal e por unha persoa da súa elección durante a práctica destas dilixencias, salvo que neste último caso, motivadamente, o xuíz de instrución resolva o contrario para garantir o seu correcto desenvolvemento.

No caso das testemuñas menores de idade ou persoas coa capacidade xudicialmente modificada, o xuíz de instrución poderá acordar, cando á vista da falta de madurez da vítima resulte necesario para evitar causarles graves prexuízos, que se lles tome declaración mediante a intervención de expertos e con intervención do Ministerio Fiscal. Con esta finalidade, poderase acordar tamén que as preguntas llas trasladen á vítima directamente os expertos ou, mesmo, excluír ou limitar a presenza das partes no lugar da exploración da vítima. Nestes casos, o xuíz disporá o necesario para lles facilitar ás partes a posibilidade de trasladar preguntas ou de pedir aclaracións á vítima, sempre que isto resulte posible.

O xuíz ordenará a gravación da declaración por medios audiovisuais.»

Doce. Modifícase o artigo 448, que queda redactado como segue:

«Artigo 448.

Se a testemuña manifestar, ao lle facer a prevención referida no artigo 446, a imposibilidade de concorrer por ter que ausentarse do territorio nacional, e tamén no caso en que haxa motivo racionalmente bastante para temer a súa morte ou incapacidade física ou intelectual antes da apertura do xuízo oral, o xuíz instrutor mandará practicar inmediatamente a declaración, asegurando en todo caso a posibilidade de contradición das partes. Para iso, o secretario xudicial fará saber ao reo que nomee avogado no termo de vinte e catro horas, se aínda non o ten ou, pola contra, que se lle nomeará un de oficio, para que o aconselle no acto de recibir a declaración da testemuña. Transcorrido o dito termo, o xuíz recibirá xuramento e volverá examinar este, en presenza do procesado e do seu avogado defensor e en presenza, así mesmo, do fiscal e do querelante, se quixeren asistir ao acto, e permitiralles facerlle cantas preguntas teñan por conveniente, excepto as que o xuíz desestime como manifestamente impertinentes.

O secretario xudicial consignará as contestacións a estas preguntas e esta dilixencia será asinada por todos os asistentes.

A declaración das testemuñas menores de idade e das persoas con capacidade xudicialmente modificada poderanse levar a cabo evitando a súa confrontación visual co inculpado, utilizando para iso calquera medio técnico que faga posible a práctica desta proba.»

Trece. Modifícase o número 7 do artigo 544 ter, que queda redactado como segue:

«7. As medidas de natureza civil deberán ser solicitadas pola vítima ou polo seu representante legal, ou ben polo Ministerio Fiscal cando existan fillos menores ou persoas coa capacidade xudicialmente modificada, determinando o seu réxime de cumprimento e, se procede, as medidas complementarias a elas que sexan precisas, sempre que non fosen previamente acordadas por un órgano da orde xurisdiccional civil, e sen prexuízo das medidas previstas no artigo 158 do Código civil. Cando existan menores ou persoas con capacidade xudicialmente modificada que convivan coa vítima e dependan dela, o xuíz deberase pronunciar en todo caso, mesmo de oficio, sobre a pertinencia da adopción das referidas medidas.

Estas medidas poderán consistir na atribución do uso e desfrute da vivenda familiar, determinar o réxime de garda e custodia, visitas, comunicación e estadia cos menores ou con persoas coa capacidade xudicialmente modificada, o réxime de prestación de alimentos, así como calquera disposición que se considere oportuna co fin de afastalos dun perigo ou de evitarlles prexuízos.

As medidas de carácter civil contidas na orde de protección terán unha vixencia temporal de 30 días. Se, dentro deste prazo, fose incoado por instancia da vítima ou do seu representante legal un proceso de familia ante a xurisdición civil, as medidas adoptadas permanecerán en vigor durante os trinta días seguintes ao da presentación da demanda. Neste termo, as medidas deberán ser ratificadas, modificadas ou deixadas sen efecto polo xuíz de primeira instancia que resulte competente.»

Catorce. Introdúcese un novo artigo 544 quinquies coa seguinte redacción:

«Artigo 544 quinquies.

1. Nos casos en que se investigue un delito dos mencionados no artigo 57 do Código penal, o xuíz ou tribunal, cando resulte necesario para o fin de protección da vítima menor de idade ou coa capacidade xudicialmente modificada, de ser o caso, adoptará motivadamente algunha das seguintes medidas:

a) Suspende a patria potestade dalgún dos proxenitores. Neste caso poderá fixar un réxime de visitas ou comunicación en interese do menor ou persoa con capacidade xudicialmente modificada e, de ser o caso, as condicións e garantías con que se debe desenvolver.

b) Suspende a tutela, curatela, garda ou acollemento.

c) Establecer un réxime de supervisión do exercicio da patria potestade, tutela ou de calquera outra función tutelar ou de protección ou apoio sobre o menor ou persoa coa capacidade xudicialmente modificada, sen prexuízo das competencias propias do Ministerio Fiscal e das entidades públicas competentes.

d) Suspende ou modifica o réxime de visitas ou comunicación co non convivente ou con outro familiar que se encontrase en vigor, cando resulte necesario para garantir a protección do menor ou da persoa con capacidade xudicialmente modificada.

2. Cando no desenvolvemento do proceso se poña de manifesto a existencia dunha situación de risco ou posible desamparo dun menor e, en todo caso, cando sexan adoptadas algunhas das medidas das alíneas a) ou b) do punto anterior, o secretario xudicial comunicarao inmediatamente á entidade pública competente que teña legalmente encomendada a protección dos menores, así como ao Ministerio Fiscal, co fin de que poidan adoptar as medidas de protección que resulten necesarias. Para os mesmos efectos, notificaráselles o seu alzamento ou calquera outra modificación, así como a resolución a que se refire o número 3.

3. Unha vez concluído o procedemento, o xuíz ou tribunal, valorando exclusivamente o interese da persoa afectada, ratificará ou alzará as medidas de protección que fosen adoptadas. O Ministerio Fiscal e as partes afectadas pola medida poderán solicitar ao xuíz a súa modificación ou alzamento conforme o procedemento previsto no artigo 770 Lei de axuízamento civil.»

Quince. Modifícase o artigo 636, que queda redactado como segue:

«Artigo 636.

Contra os autos de sobresemento só procederá, de ser o caso, o recurso de casación.

O auto de sobresemento comunicaráselles ás vítimas do delito, no enderezo de correo electrónico e, na súa falta, por correo ordinario ao enderezo postal ou domicilio que designasen na solicitude prevista no artigo 5.1.m) da Lei do Estatuto da vítima do delito.

Nos casos de morte ou desaparición ocasionada por un delito, o auto de sobresemento seralles comunicado de igual forma ás persoas a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 109 bis, de cuxa identidade e enderezo de correo electrónico ou postal se teña coñecemento. Nestes supostos, o xuíz ou

tribunal poderá acordar, motivadamente, prescindir da comunicación a todos os familiares cando xa se dirixise con éxito a varios deles ou cando resultasen infrutuosas cantas xestións se practicasen para a súa localización.

Excepcionalmente, no caso de cidadáns residentes fóra da Unión Europea, se non se dispón dun enderezo de correo electrónico ou postal no cal realizar a comunicación, remitirase á oficina diplomática ou consular española no país de residencia para que a publique.

Transcorridos cinco días desde a comunicación, entenderase que foi efectuada validamente e producirá todos os seus efectos, iniciándose o cómputo do prazo de interposición do recurso. Exceptuaranse deste réxime aqueles supostos nos cales a vítima acredite xusta causa da imposibilidade de acceso ao contido da comunicación.

As vítimas poderán interpor recurso contra o auto de sobresemento dentro do prazo de vinte días aínda que non se mostrasen como parte na causa.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 680, que queda redactado como segue:

«Artigo 680.

Os debates do xuízo oral serán públicos, baixo pena de nulidade, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.»

Dezasete. Modifícase o artigo 681, que queda redactado como segue:

«Artigo 681.

1. O xuíz ou tribunal poderá acordar, de oficio ou por instancia de calquera das partes, logo de audiencia a estas, que todos ou algún dos actos ou as sesións do xuízo se celebren a porta pechada, cando así o exixan razóns de seguridade ou orde pública, ou a adecuada protección dos dereitos fundamentais dos intervinientes, en particular, o dereito á intimidade da vítima, o respecto debido a ela ou á súa familia, ou cando resulte necesario para lles evitar ás vítimas prexuízos relevantes que, doutro xeito, poderían derivar do desenvolvemento ordinario do proceso. No entanto, o xuíz ou o presidente do tribunal poderá autorizar a presenza de persoas que acrediten un especial interese na causa. A anterior restrición, sen prexuízo do disposto no artigo 707, non será aplicable ao Ministerio Fiscal, ás persoas lesionadas polo delito, aos procesados, ao acusador privado, ao demandante civil e aos respectivos defensores.

2. Así mesmo, poderá acordar a adopción das seguintes medidas para a protección da intimidade da vítima e dos seus familiares:

a) Prohibir a divulgación ou publicación de información relativa á identidade da vítima, de datos que poidan facilitar a súa identificación de forma directa ou indirecta, ou daquelas circunstancias persoais que fosen valoradas para resolver sobre as súas necesidades de protección.

b) Prohibir a obtención, divulgación ou publicación de imaxes da vítima ou dos seus familiares.

3. Queda prohibida, en todo caso, a divulgación ou publicación de información relativa á identidade de vítimas menores de idade ou vítimas con discapacidade necesitadas de especial protección, de datos que poidan facilitar a súa identificación de forma directa ou indirecta, ou daquelas circunstancias persoais que fosen valoradas para resolver sobre as súas necesidades de protección, así como a obtención, divulgación ou publicación de imaxes súas ou dos seus familiares.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 682, que queda redactado como segue:

«Artigo 682.

O xuíz ou tribunal, logo de audiencia das partes, poderá restrinxir a presenza dos medios de comunicación audiovisuais nas sesións do xuízo e prohibir que se

graven todas ou algunha das audiencias cando resulte imprescindible para preservar a orde das sesións e os dereitos fundamentais das partes e dos demais intervinientes, especialmente o dereito á intimidade das vítimas, o respecto debido a esta ou á súa familia, ou a necesidade de lles evitar ás vítimas prexuízos relevantes que, doutro xeito, poderían derivar do desenvolvemento ordinario do proceso. Para estes efectos, poderá:

- a) Prohibir que se grave o son ou a imaxe na práctica de determinadas probas, ou determinar que dilixencias ou actuacións poden ser gravadas e difundidas.
- b) Prohibir que se tomen e difundan imaxes dalgunha ou algunhas das persoas que nel interveñan.
- c) Prohibir que se facilite a identidade das vítimas, das testemuñas ou peritos ou de calquera outra persoa que interveña no xuízo.»

Dezanove. Modifícase o artigo 707, que queda redactado como segue:

«Artigo 707.

Todas as testemuñas están obrigadas a declarar o que saiban sobre o que lles for preguntado, con excepción das persoas expresadas nos artigos 416, 417 e 418, nos seus respectivos casos.

A declaración das testemuñas menores de idade ou con discapacidade necesitadas de especial protección levarase a cabo cando resulte necesario para impedir ou reducir os prexuízos que para eles poidan derivar do desenvolvemento do proceso ou da práctica da dilixencia, evitando a confrontación visual dos mesmos co inculpado. Con este fin poderá ser utilizado calquera medio técnico que faga posible a práctica desta proba, incluída a posibilidade de que as testemuñas poidan ser oídas sen estaren presentes na sala mediante a utilización de tecnoloxías da comunicación.

Estas medidas serán igualmente aplicables ás declaracións das vítimas cando da súa avaliación inicial ou posterior derive a necesidade destas medidas de protección.»

Vinte. Modifícase o artigo 709, que queda redactado como segue:

«Artigo 709.

O presidente non permitirá que a testemuña conteste preguntas ou repreguntas capciosas, suxestivas ou impertinentes.

O presidente poderá adoptar medidas para evitar que se lle formulen á vítima preguntas innecesarias relativas á vida privada que non teñan relevancia para o feito delituoso axuizado, salvo que o xuíz ou o tribunal considere excepcionalmente que deben ser contestadas para valorar adecuadamente os feitos ou a credibilidade da declaración da vítima. De se formularen esas preguntas, o presidente non permitirá que sexan contestadas.

Contra a resolución que sobre esta cuestión se adopte poderase interpor no seu día o recurso de casación, se se fixer no acto a correspondente protesta.

Neste caso, constará na acta a pregunta ou repregunta que o presidente prohibise contestar.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 730, que queda redactado como segue:

«Artigo 730.

Tamén se poderán ler ou reproducir, por instancia de calquera das partes, as dilixencias practicadas no sumario que, por causas independentes da vontade daquelas, non poidan ser reproducidas no xuízo oral e as declaracións recibidas de conformidade co disposto no artigo 448 durante a fase de investigación ás vítimas menores de idade e ás vítimas con discapacidade necesitadas de especial protección.»



Vinte e dous. Modifícase o número 2 do artigo 773, que queda redactado como segue:

«2. Cando o Ministerio Fiscal teña noticia dun feito aparentemente delituoso, ben directamente ben por serlle presentada unha denuncia ou atestado, informará a vítima dos dereitos recollidos na lexislación vixente; efectuará a avaliación e resolución provisionais das necesidades da vítima de conformidade co disposto na lexislación vixente e el mesmo practicará ou ordenaralle á Policía Xudicial que practique as dilixencias que xulgue pertinentes para a comprobación do feito ou da responsabilidade dos partícipes nel. O fiscal decretará o arquivamento das actuacións cando o feito non revista os caracteres de delito e comunicarllo con expresión desta circunstancia a quen alegou ser prexudicado ou ofendido, co fin de que poida reiterar a súa denuncia ante o xuíz de instrución. Noutro caso, instará do xuíz de instrución a incoación do procedemento que corresponda con remisión do actuado, pondo á súa disposición o detido, se o houber, e os efectos do delito.

O Ministerio Fiscal poderá facer comparecer ante si calquera persoa nos termos establecidos na lei para a citación xudicial, co fin de lle recibir declaración, na cal se observarán as mesmas garantías sinaladas nesta lei que para a prestada ante o xuíz ou tribunal.

Cesará o fiscal nas súas dilixencias tan pronto como teña coñecemento da existencia dun procedemento xudicial sobre os mesmos feitos.»

Vinte e tres. Modifícase a regra 1.<sup>a</sup> do número 1 do artigo 779, que queda redactada como segue:

«1.<sup>a</sup> Se estima que o feito non é constitutivo de infracción penal ou que non aparece suficientemente xustificada a súa perpetración, acordará o sobresemento que corresponda. Se, mesmo estimando que o feito pode ser constitutivo de delito, non haber autor coñecido, acordará o sobresemento provisional e ordenará o arquivamento.

O auto de sobresemento seralles comunicado ás vítimas do delito no enderezo de correo electrónico e, na súa falta, no enderezo postal ou domicilio que designasen na solicitude prevista no artigo 5.1.m) da Lei do Estatuto da vítima do delito.

Nos casos de morte ou desaparición ocasionada por un delito, o auto de sobresemento seralles comunicado de igual forma ás persoas ás cales se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 109 bis, de cuxa identidade e enderezo de correo electrónico ou postal se teña coñecemento. Nestes supostos o xuíz ou tribunal poderá acordar, motivadamente, prescindir da comunicación a todos os familiares cando xa se dirixise con éxito a varios deles ou cando resultasen infrutuosas cantas xestións se practicasen para a súa localización.

Excepcionalmente, no caso de cidadáns residentes fóra da Unión Europea, se non se dispón dun enderezo de correo electrónico ou postal no cal realizar a comunicación, remitirase á oficina diplomática ou consular española no país de residencia para que a publique.

Transcorridos cinco días desde a comunicación, entenderase que foi efectuada validamente e producirá todos os seus efectos. Exceptuaranse deste réxime aqueles supostos en que a vítima acredite xusta causa da imposibilidade de acceso ao contido da comunicación.

As vítimas poderán interpor recurso contra o auto de sobresemento dentro do prazo de vinte días aínda que non se mostrasen como parte na causa.»

Vinte e catro. Modifícase o número 3 do artigo 785, que queda redactado como segue:

«3. Cando a vítima o solicítase, aínda que non sexa parte no proceso nin deba intervir, o secretario xudicial deberá informala, por escrito e sen atrasos innecesarios, da data, hora e lugar do xuízo, así como do contido da acusación dirixida contra o infractor.»

Vinte e cinco. Modifícase o número 2 do artigo 791, que queda redactado como segue:

«2. O secretario xudicial sinalará a vista dentro dos quince días seguintes e a ela serán citadas todas as partes. Cando a vítima o solicítase, será informada polo secretario xudicial, aínda que non se mostrase parte nin sexa necesaria a súa intervención.

A vista celebrarase empezando, de ser o caso, pola práctica da proba e pola reprodución das gravacións se procede. A continuación, as partes resumirán oralmente o resultado desta e o fundamento das súas pretensións.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Modifícase o número 2 do artigo 126 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que queda redactado como segue:

«2. Cando o delito sexa dos que só se poden perseguir por instancia de parte, satisfaranse as custas do acusador privado con preferencia á indemnización do Estado. Terá a mesma preferencia o pagamento das custas procesuais causadas á vítima nos supostos a que se refire o artigo 14 da Lei do Estatuto da vítima do delito.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva en materia de lexislación penal e procesual atribuída ao Estado polo artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución española. Exceptúase do anterior o título IV, que se dita ao abeiro da competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza atribuída ao Estado polo artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución española, así como o disposto no título I, que se dita ao abeiro da competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, atribuída ao Estado polo artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación ao Goberno para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitate o Goberno para que aprobe as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

Disposición derradeira quinta. *Adaptación dos estatutos xerais da avogacía e da procuradoría.*

Os colexios e consellos xerais de avogados e procuradores adoptarán as medidas necesarias para adaptar os seus respectivos estatutos ao establecido no número 2 do artigo 8 desta lei, nun prazo máximo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de abril de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY